# DEPUTACIÓN PROVINCIAL

# DA CORUÑA

## Acta da sesión ORDINARIA
## celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
## o 19 de DECEMBRO de 2008

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 19 de decembro de 2008, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/08, do 28 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.601 á nº 21.700, de 2008.

### Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

3.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso do edificio e parcela nº 1 do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo (AEPI-SABÓN).

4.-Aprobación da segunda fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008.

5.-Aprobación das bases reguladoras do Plan complementario ao FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL 2009.

6.-Aprobación do convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar os gastos derivados do incremento do cadro de persoal do parque de bombeiros de Santiago de Compostela.

### Infraestruturas viarias: Vías e Obras Provinciais

7.-Desestimación das alegacións presentadas ao proxecto "Enlace da EP 7201 Rampla a Rianxiño (Rianxo)", dentro da duodécima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

8.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2008 2ª fase, integrado polo proxecto "Travesía de Calvario a Pao de Lobo na DP 2403 (Cerceda) (0811300017.0).

9.-Aprobación do proxecto "Reformado de ampliación e mellora do trazado da EP 5404 do PK 6,500 ao final de Xubia á praia da Frouxeira, Valdoviño (0711100013.1).

10.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2008 4ª fase integrado pola "Construción da rotonda na intersección entre a DP 7201 e Avda. dos Arcos Moldes (Rianxo)" e "Mellora da seguridade viaria na EP 0513 de Ponte Muíños a Caión por Paiosaco PK 1,38 ao 3,2 (A Laracha e Arteixo)".

11.-Aprobación do proxecto "Reformado de realización da travesía no lugar de Dumbría 1ª fase (Dumbría) (0611300006.1).

**Promoción Económica, Emprego e Turismo**

12.-Aprobación da anualidade 2008 do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume.

13.-Aprobación das actuacións da 4ª anualidade do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros.

14.-Aprobación do proxecto de gasto da creación do ente mixto de xestión turística de Eume-Ferrol-Ortegal.

15.-Aprobación do proxecto de gasto da creación do Consorcio de Turismo de Costa da Morte.

**Cooperación e Asistencia aos Concellos**

16.-Aprobación da anualidade 2008 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

17.-Informe emitido o 28 de novembro de 2008 polo equipo desta deputación encargado de realizar o "Plan de control interno dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006", sobre a realización das verificacións previstas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

18.-Aprobación do proxecto reformado da obra "Construción da praza e acondicionamento. Xesús Carro e O." do Concello de Melide, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2007. Código 07.2100.0197.0.

19.-Aprobación do Plan de eliminación de barreiras 2008: Plan de infoaccesibilidade da administración local da provincia da Coruña, cofinanciado con fondos do IMSERSO, Fundación ONCE e Deputación.

**Economía, Facenda e Especial de Contas**

20.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Padrón.

21.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Betanzos.

22.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Ortigueira.

23.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Padrón.

24.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Pontedeume.

25.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Santiso.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 19 DE DECEMBRO DE 2008**

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 19 de decembro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

| | |
|---|---|
| DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ | PP |
| DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ | PP |
| DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ | BNG |
| DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE | PP |
| DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA | PP |
| DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO | PP |
| DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ | PP |
| DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU | PP |
| DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN | PP |
| DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO | PSOE |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ | PSOE |
| DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA | PP |
| DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ | PSOE |
| DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO | PSOE |
| DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ | BNG |
| DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA | PSOE |
| DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE | PSOE |
| DON JOSÉ MANUEL REY VARELA | PP |
| DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ | BNG |

| | |
|---|---|
| DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO | PP |
| DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA | BNG |
| DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS | PSOE |
| DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO | PP |
| DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |
| DON JESÚS VEIGA SABÍN | PP |
| DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ | PSOE |
| DON PABLO VILLAMAR DÍAZ | BNG |

A Sra. Souto Iglesias entra comezada na sesión no punto número catro e a Sra. Vázquez Veras no punto número 6.

Actúa como secretaria accidental, dona Mª Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, a Sra. Secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/08, DO 28 DE NOVEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior nº 12/08, do 28 de novembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 19.601 Á Nº 21.700, DE 2008.**

A Corporación toma coñecementos das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.601 á nº 21.700, de 2008.

**3.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DO EDIFICIO E PARCELA Nº 1 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO (AEPI-SABÓN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso do edificio e a parcela nº 1 do Polígono de Sabón- Arteixo, cuxa descrición é a seguinte, á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

| | |
|---|---|
| Planta baixa | 122 $m^2$ |

| | |
|---|---|
| Planta primeira | 122 m$^2$ |
| Superficie do terreo segundo datos catastrais | 5023 m$^2$ |

2º. As condicións de cesión de uso son as establecidas no Protocolo 3/2007, de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo (A Coruña) para a construción e posta en funcionamento dun centro de servizos socio-administrativos.

3º. De acordo co previsto no punto 4 do devandito protocolo a cesión realízase por un prazo de trinta anos.

4º. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva. "

**4.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008.**

(Entra no salón a Sra. Souto Iglesias).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008).

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo Sr. Presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, do 11 de decembro de 2008, na que se inclúen todas as solicitudes coa documentación correcta e que cumpren todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras deste plan especial na data de hoxe, proponse incluír, nesta segunda fase do plan, 12 obras.

1º) Aprobar a segunda fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008), no relativo ao prazo de contratación das obras, que se amplía até o 30 de xuño de 2009, e o prazo de execución das obras, que se amplía até o 1 decembro de 2010.

Neste plan inclúense as 12 actuacións que se indican a continuación, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación:

| CONCELLO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | FINANCIAMENTO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | CONCELLO | DEPUTACIÓN | TOTAL |
| **Boqueixón** | 08.3250.0022.0 | Iluminación do terreo de xogo dun campo fútbol Boqueixón | 10.833,42 | 60.000,00 | 70.833,42 |
| **Curtis** | 08.3250.0023.0 | Reforma inst. edificio vestiarios campo fútbol de Curtis | 49.063,52 | 60.000,00 | 109.063,52 |
| **Frades** | 08.3250.0024.0 | Iluminación campo fútbol de herba artificial de Abellá | 10.588,24 | 60.000,00 | 70.588,24 |
| **A Laracha** | 08.3250.0025.0 | Iluminación campo fútbol A Laracha | 13.865,37 | 60.000,00 | 73.865,37 |
| **Oleiros** | 08.3250.0026.0 | Construción de dous vestiarios campo fútbol de Condús | 82.908,00 | 60.000,00 | 142.908,00 |
| **Ordes** | 08.3250.0027.0 | Instalación iluminación campo fútbol de Vista Alegre | 38.897,70 | 60.000,00 | 98.897,70 |
| **Ortigueira** | 08.3250.0028.0 | Iluminación campo fútbol mpal. de San Claudio | 13.210,35 | 60.000,00 | 73.210,35 |
| **Outes** | 08.3250.0029.0 | Inst. eléctrica e ilumin. cmp. fútbol mpal.de Conchido-Outes | 50.758,80 | 60.000,00 | 110.758,80 |
| **Santa Comba** | 08.3250.0030.0 | Iluminación campo de fútbol de Castriz | 11.283,98 | 60.000,00 | 71.283,98 |
| **Touro** | 08.3250.0031.0 | Soar de formigón, depósito e bombeo campo fútbol de Loxo | 9.062,98 | 51.356,00 | 60.418,98 |
| **Vimianzo** | 08.3250.0032.0 | Obras complementarias no campo de fútbol de Vimianzo | 7.882,77 | 44.669,06 | 52.551,83 |
| **Zas** | 08.3250.0033.0 | Sum. ilumin. do adestramento cmp.fútbol herba artif. Baio | 5.064,02 | 28.696,14 | 33.760,16 |
| | | **TOTAL....** | **303.419,15** | **664.721,20** | **968.140,35** |

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

3º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan da deputación.

4º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións, unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presente ningunha.

5º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe."

**5.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN COMPLEMENTARIO AO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Visto o Real decreto-lei 9/2008, do 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local, e a Resolución do 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial

Coa finalidade de prestar a asistencia e cooperación necesaria aos 91 municipios cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes, concretamente no que se refire ao financiamento dos honorarios de redacción de proxectos (máximo 3% sobre o orzamento de execución material), dirección das obras (máximo 3% sobre presuposto de execución material) e coordinación de seguridade e saúde (máximo 1% sobre presuposto de execución material) ata un total máximo do 7% do presuposto de execución material, das obras financiadas con cargo ao citado Fondo Estatal de Investimento Local para as que se precise realizar contratos administrativos.

1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan complementario ao Fondo Estatal de Investimento Local 2009, cuxo texto figura no anexo que se achega.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2009, no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento deste Plan na partida 0501/519F/76201.

3ª) Someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. Igualmente, remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e a

Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado."

**ANEXO:**

**BASES REGULADORAS DO PLAN COMPLEMENTARIO AO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL 2009**

## 1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan complementario ao Fondo Estatal de Investimento Local 2009 é un Plan anual da Deputación da Coruña para o exercicio 2009, que se financia cunha achega provincial por importe de 6.457.657,36 €. No presuposto provincial para o exercicio 2009 consígnase crédito suficiente na partida 0501/519F/76201.

A aprobación do correspondente plan non se poderá realizar ata a entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2009 coa finalidade de que exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

## 2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é a de cooperar cos 91 concellos da provincia cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes no financiamento dos honorarios de redacción dos proxectos, dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde das obras que cada concello execute con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real decreto-lei 9/2008, do 28 de novembro (BOE núm. 290 de 2/12/2008), desenvolvido mediante Resolución do 9 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (BOE núm. 297 do 10/12/2008).

O importe máximo de achega provincial para o financiamento destes contratos concrétase para cada concello no 7% calculado sobre o presuposto de execución material da cantidade que cada concello ten asignada dentro do citado Fondo Estatal, detallándose como deseguido se indica :

| Concepto | % máximo de achega provincial sobre presuposto execución material (PEM) |
|---|---|
| Honorarios de redacción dos proxectos | 3% |
| Honorarios de dirección das obras | 3% |
| Honorarios de coordinación de seguridade e saúde | 1% |
| **TOTAL** | **7%** |

## 3.- DESTINATARIOS

Poderán participar neste plan os 91 concellos da provincia da Coruña cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes que necesiten contratar externamente a

redacción dos proxectos, a dirección das obras e a coordinación de seguridade e saúde das obras que se financien con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local.

**4.- FINANCIAMENTO**

A cada concello asígnaselle unha cantidade máxima para o financiamento dos honorarios indicados ata un importe total máximo do 7% do presuposto de execución material correspondente á cantidade asignada a cada un deles no citado Fondo Estatal, que se concreta nas cantidades que figuran no anexo a estas bases, detallando o importe aplicable aos honorarios de redacción dos proxectos (máximo 3%), dirección das obras (máximo 3%) e coordinación de seguridade e saúde (máximo 1%).

No presuposto provincial para o exercicio 2009 vaise incluír na partida 0501/519F/76201 crédito suficiente para o financiamento deste plan. Non obstante, a aprobación do correspondente plan non se poderá realizar ata a entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2009, polo que a aprobación destas bases debe quedar condicionada á súa entrada en vigor.

O presente plan ten carácter de "prepagable" no sentido de que a achega da deputación transferirase aos concellos unha vez que estean adxudicados os correspondentes contratos de redacción de proxectos, dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, sen prexuízo da posterior presentación polos concellos da documentación xustificativa da súa execución.

**5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE**

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 30 de xuño de 2009**, a seguinte documentación:

5.1.-. Resolucións ou acordos de adxudicación dos contratos

O concello deberá presentar as resolucións ou acordos de adxudicación dos contratos de redacción dos proxectos, dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde das obras financiadas con cargo ao citado Fondo Estatal para as que se precise realizar estes contratos, no que figuren os seguintes datos :

- Denominación do contrato con indicación da obra a que vai asociado e o seu presuposto de execución material

- Nome e CIF do adxudicatario
- Prezo de adxudicación
- Prazo de execución

5.2.- Documentación xustificativa da execución

Unha vez rematadas as obras, o concello deberá presentar as correspondentes facturas aprobadas polo órgano municipal competente xunto coas actas de recepción das obras como máximo ata a finalización do primeiro trimestre de 2010.

**6.- PAGO DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN**

Cando se reciba a documentación de cada concello xustificativa da adxudicación dos contratos de redacción dos proxectos, dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, a deputación transferiralle ao concello o importe correspondente ao presuposto de adxudicación destes tres contratos, co límite máximo antes indicado para cada un deles.

Unha vez rematadas as obras deberán presentar na deputación as correspondentes facturas aprobadas polo órgano municipal competente xunto coas actas de recepción das obras. No suposto de que algún destes contratos non se execute total ou parcialmente dentro do prazo establecido, o concello deberá reintegrar as cantidades recibidas e non investidas cos xuros de mora devengados, podéndose aplicar o procedemento de compensación de débedas aos concellos usuarios do Servizo Provincial de Recadación. 

**7.- INTERPRETACIÓN**

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, previo informe de Secretaría e Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

**6.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DERIVADOS DO INCREMENTO DO CADRO DE PERSOAL DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

INTERVENCIÓNS

Sr. García Borregón

Bos días, Sr. Presidente, compañeiras e compañeiros deputados. Traemos hoxe este punto á orde do día, que é un convenio, un novo convenio co Concello de Santiago para financiar estes gastos, os gastos derivados dun incremento do cadro de persoal do parque de bombeiros.

Sobre este asunto, que é un asunto que vén xa de moi atrás, cando se asina un primeiro convenio marco, en setembro do ano 2001, para a creación do parque comarcal entre a Deputación, a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra. Un convenio que se financia 40-40-20, en participación no financiamento, e co obxectivo da creación do servizo comarcal de extinción de incendios. Creo que este é un proxecto que está implicando ás tres administracións e un proxecto razoable para a creación deste servizo imprescindible neste conxunto de concellos.

(Entra no salón a Sra. Vázquez Veras).

Efectivamente, o cadro de persoal, é o que di o propio convenio, o cadro de persoal do parque de bombeiros municipal contaba naquel momento con 57 bombeiros, o convenio fixa un aumento de 19 bombeiros máis para dar servizo á comarca. Con posterioridade asínanse outros novos convenios no ano 2003, modifícase tamén no ano 2004 o convenio marco e en abril de 2005 faise un novo convenio a tres partes para a construción do parque de bombeiros de Santiago cun orzamento de 2.229.590 euros.

Sobre a implicación e o custo que ata a data significou para a deputación, eu fixen, e este grupo fixo, varias preguntas neste Pleno, a última contestada o 28 de novembro, en que se di que ata a data a cantidade total aboada por esta institución, pola deputación, ao concello derivados deste proxecto é de 1.718.936 euros en diferentes conceptos. Ademais nestas preguntas que se fixeron, contéstasenos que se vai subscribir un novo convenio que nos ocupará para financiar o incremento do cadro de persoal do ano 2008-2011, que é o que hoxe traemos a este Pleno.

En todo este longo camiño prodúcense tres feitos significativos que segundo o noso criterio, o criterio do noso grupo, cambian a esencia desta colaboración, que como dixen, desde o ano 2001 parécenos unha colaboración propia do que debe de ser a colaboración entre tres administracións. E eu creo que estes feitos podémolos puntualizar en tres.

Primeiro, un tema importante, que é a paralización das obras do parque de bombeiros de Santiago. E estas obras iníciase, iníciase as obras que están adxudicadas en xullo do ano 2005, e iníciase en novembro dese mesmo ano. Un ano despois, o 9 de outubro, estas obras paralízanse; motivo, un desfasamento nas partidas executadas e non orzadas cunha desviación do 86%. Hai máis de dous anos que estas obras están paralizadas, unha estrutura cun deterioro continuo, un exemplo do mal facer dunha Administración pública, eu creo que isto é un pouco o que non se debe de facer, e o exemplo de ineficacia nunha institución pública. Isto, dous anos e pico de paralización destas obras, acaba cunha rescisión dese contrato.

Hai outro asunto importante en todo este proceso, hai unha resolución do Tribunal Supremo sobre un conflito laboral no colectivo de bombeiros, unha resolución, a última resolución, foi de febreiro do ano 2008, unha resolución, como

digo, do Tribunal Supremo, que declara nulas as resolucións plenarias que promovían a posta en marcha do parque comarcal. Nesta resolución do Supremo dáselle a razón, no que se refire ao ámbito de actuación, ao corpo de bombeiros. Cal é a consecuencia?, que o ámbito territorial de actuación do servizo de extinción, que en principio era a comarca con estes dez concellos, queda circunscrito ao termo municipal de Santiago, é dicir, exclúese a todos os concellos da comarca.

Eu creo que é importante saber que a falta de entendemento entre, neste caso, o Concello de Santiago e o colectivo de bombeiros, o que desembocou nesta situación. Os bombeiros neste momento non teñen obrigatoriedade de actuar nos concellos da comarca que asinan o consorcio, a excepción, loxicamente, do de Santiago, é dicir, que o obxectivo, o obxectivo prioritario deste convenio, que se asinou o convenio marco inicial no ano 2001, o obxectivo fundamental, digo, queda botado por terra, porque loxicamente, a actuación era de carácter comarcal.

E en terceiro caso dáselle unha saída que para nós, para o noso grupo, é equivocada, que é o compromiso dun novo parque, da construción dun novo parque de bombeiros para atender a comarca, esta vez no Concello de Ames.

Tamén se nos deu a contestación, porque iso fíxeno por escrito nunha pregunta, que nos di que tamén este novo parque será cofinanciado por esta deputación. Isto, evidentemente, é unha situación, desde o noso punto de vista, equivocada, porque ademais isto vai significar multiplicar investimentos, vai incrementar dunha maneira absurda os custos de operatividade nos parques que van estar a menos de cinco quilómetros, e todo isto sen mellorar os servizos e eu creo que é unha multiplicidade de servizos e un incremento de custos importante, non soamente en temas de investimento, senón en temas de mantemento. E eu creo que é un exemplo de eficiencia e froito dunha, eu creo que moi desafortunada xestión, neste caso municipal, que non só carrexará maiores investimentos, neste caso non necesarios, senón, e créoo que é o máis importante, porque no futuro incrementará en todos os exercicios o gasto corrente.

E en resumo, cal é a situación na que agora estamos? Eu creo que nós, neste momento, temos unha estrutura dunha construción para parque, que leva dous anos parada, con todo o que significa de deterioración, de falta de servizo público e, fundamentalmente, neste caso, dun incremento de maior custo na construción desta infraestrutura. Temos un cadro de persoal de bombeiros sobredimensionado, caso que é a cuestión que hoxe se debate, no tema do financiamento dese cadro de persoal sobredimensionado e, sobre todo, en moi malas condicións de traballo e habitabilidade, isto é unha cuestión de carácter importante porque incide, evidentemente, nos servizos, e que ademais este cadro de persoal está lexitimado xudicialmente a non intervir fóra do ámbito do municipio de Santiago. Polo tanto, eu creo que os concellos da comarca que asinaron o primeiro convenio están nunha situación de precariedade no servizo de extinción de incendios, e eu creo que isto é grave.

E nesta situación, o sobrecusto do persoal vaino asumir neste convenio que nos din catro anos máis a deputación, na parte alícuota que lle corresponda, catro anos máis, do ano 2008 ao 2011, pero xa sen servizo de carácter comarcal, e ademais, se isto non fose suficiente, esta institución vai asumir maiores custos como consecuencia lóxica da paralización de máis de dous anos da obra. E, en fin, a maiores, o que dixen antes, un novo parque en Ames, a menos de 5 quilómetros, multiplicando custos, gastos correntes, etc., etc.

En definitiva, eu creo que unha desafortunada xestión municipal que implica ter que aplicar moitos máis recursos dos necesarios a esta deputación e, de momento, sen servizo macromunicipal. E eu creo que, por todo iso, nós non podemos dar o noso apoio a este convenio, e non podemos facelo porque ademais un convenio por catro anos, digo, indefinido nos custos, porque dalgunha maneira aí arguméntase como se van avaliar os custos, aínda que verbalmente na Comisión a nós díxosenos que se estima nuns 465.000 euros anuais. Eu creo, e nós consideramos que existen outras vías que son menos custosas, e que dalgunha maneira cubrirían o que en principio hai máis de sete anos era o obxectivo, é dicir, ter un parque comarcal no encabezamento da comarca cun servizo profesionalizado que cubrise territorialmente os dez concellos. E, polo tanto, tal cal está establecido este convenio, e nos catro anos polos cales se vai asinar, eu creo que a min gustaríame dar un apoio a este convenio sempre e cando houbese algunha modificación con respecto a, primeiro, entendemos que o convenio se debía asinar no ano 2008, hai un convenio asinado a mediados, aínda que como dixen, a mediados deste ano hai unha sentenza, un auto do Supremo en que anula os outros convenios, pero dalgunha maneira o compromiso do ano 2008 estaría xustificado. Eu creo que o convenio deberíase limitar ao ano 2008 e, posteriormente, condicionar o financiamento deste incremento do cadro de persoal, primeiro a un acordo cun colectivo de bombeiros que eu creo que se podería conseguir, eu creo que un esforzo con este colectivo que lle fixese reconsiderar a intervención no territorio da mancomunidade, que era a orixe deste convenio. Evidentemente, que se inicie, que se inicie a obra do parque que leva dous anos parado e eu creo que isto é unha cuestión fundamental en todo este tema, e ademais, creo que para ben do mellor uso dos recursos públicos, que se retome esa decisión de abordar un novo parque comarcal a menos de cinco quilómetros un do outro, cun sobrecusto de estrutura, cun sobrecusto de gasto corrente e que non vai intervir a mellorar os servizos públicos de extinción de incendios. Por todo isto, nestas condicións, e volvo a repetilo, non podemos apoiar este convenio, si en cambio podemos reconsiderar o convenio se se fai anualmente e se condiciona o financiamento dos seguintes anos a estas causas e a estes motivos que eu expuxen. Nada máis, moita grazas.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. O minucioso relato que acaba de facer o Sr. Borregón, representante neste caso do Partido Popular,

non o vou reiterar, é evidente que coincidimos practicamente no relato histórico, pero si non podemos coincidir nalgún aspecto importante. Primeiro, que se inicie no ano 2001, si é certo, a comarcalización tamén, a porcentaxe de 40-40-20 das tres administracións, Xunta de Galicia, deputación e concellos, o incremento do cadro de persoal de bombeiros de Santiago, de 57 que pasan a 19, sendo na actualidade de 76, menos tres xubilacións que se van producir, como logo veremos, ao longo da miña intervención. Pero si hai un aspecto que eu quero destacar e que aí si que o Sr. Borregón non podemos coincidir o equipo de goberno con el. Fala de que os bombeiros de Santiago non teñen que actuar noutros concellos, eu creo que aquí está un pouco errado, e así mesmo se recolle na cláusula cuarta do convenio que imos someter a consideración plenaria, que di, e leo textualmente: "...Non obstante, ante situacións de emerxencia que puidesen xurdir no futuro, o Concello de Santiago e os bombeiros do parque de titularidade municipal e sempre a través do procedemento que determine o propio concello, deberán prestar o auxilio debido de acordo co previsto no artigo 27, apartado f) da Lei de emerxencias de Galicia...", non o di o artigo 4, senón que o di unha lei de obrigado cumprimento, non polo Concello de Santiago, senón que xa se deron as mesmas consideracións, por exemplo, no Concello da Coruña con municipios limítrofes e actuar de acordo con esta Lei de emerxencias de Galicia.

As solucións que hai que buscar para determinar?, ben, nós consideramos que ao Concello de Santiago non podemos deixalo no aire, non podemos deixalo colgado, debemos actuar solidariamente desde a deputación, e esta solidariedade, creo que a cantidade que barallou vostede, os datos que teño eu non coinciden, son un pouco inferiores, se me fala de máis ou menos 250.000 euros. É que debemos de cooperar co Concello de Santiago, dentro da situación e do marco deste convenio que, indubidablemente, vai marcar que nós paguemos, primeiro: o 40% dos gastos salariais; segundo: que van afectar aos 19 bombeiros, que son os que ían actuar de forma comarcal; terceiro: que van ir decrecendo os ingresos correntes que vai transferir esta institución provincial, de acordo coas anualidades, é dicir, que serían 16 no ano 2008, 13 no 2009, 11 no 2010 e finalizando o 2011 só con 10 bombeiros.

Polo tanto, cremos que estamos no camiño atinado, estamos no camiño atinado en virtude de que hai que aceptar, hai que acatar, igual con algunha crítica, esa sentenza que ratifica a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do mes de abril do ano 2008, que fai o Tribunal Supremo.

Vostede falaba das distintas preguntas que fixo, paréceme que nun ou dous Plenos, que lle foron contestadas de forma minuciosa, e cremos que esta é a saída axeitada para cumprir os compromisos acadados nos convenios co Concello de Santiago, sempre dentro da orde xurídica administrativa que aquí se recolle, e contra pagamento e informe da Intervención municipal do concello. Nada máis e moitas grazas.

<u>Sr. García Borregón</u>

Moitas grazas, Sr. Presidente, moi brevemente contestar algunhas das consideracións que fixo o meu compañeiro e voceiro do grupo de goberno. Que non coinciden algunhas cousas, por exemplo, na cuestión, eu creo que é importante, non teñen que actuar nos outros concellos, non é así, evidentemente, pero o que di o auto do Supremo, que limita a intervención dos bombeiros ao ámbito de Santiago, é así. Evidentemente que hai unha cláusula no propio convenio sobre o imperativo legal da Lei de emerxencias de Galicia e, efectivamente, iso si, pero vostede vai ter un cadro de persoal que lle deu a razón o Tribunal Supremo, e por unha cuestión de carácter lexislativo, a Lei de emerxencias de Galicia vaino obrigar, e hai unha situación de precariedade, que é a situación de urxencia. E eu digo que un colectivo de bombeiros nesas circunstancias non debería de actuar, e cando se fixo o convenio do ano 2001 o obxectivo era totalmente distinto, e cando fala da amortización de bombeiros, iso que quere dicir que segundo os anos imos pagando menos, que quere dicir? Que hai un cadro de persoal neste momento sobredimensionado, que se está pagando, e que imos pagar menos porque se está amortizando, pero realmente necesitamos ese cadro de persoal?, esa é a cuestión.

E hai outra cousa que eu creo que, os datos non é que non coincidan, eu creo que os datos, eu fixen, ou dixen os datos que desde a deputación se me contestaron nas preguntas, digo en datos de acordo coa cuestión económica, pero non dixo absolutamente nada dunha cuestión que para min é fundamental, que hai unha infraestrutura de bombeiros dun parque comarcal que leva dous anos e medio parado, e que aí a deputación, nese parque, leva investidos un millón setecentos e pico mil euros. Por iso, digo eu que, ese acondicionamento, e non vou ser eu o que lle diga que esta institución non coopere co Concello de Santiago, da cal formo parte, pero eu teño neste caso unha obriga nesta Corporación de dicir o que creo que é mellor da utilización dos recursos públicos, e cando digo que se vaia apoiar un parque a menos de cinco quilómetros, non hai ninguén que me dea argumentos e que lle entre na cabeza que se vai facer un servizo comarcal con dous parques, cuns investimentos importantes, a menos de cinco quilómetros cando os bombeiros van pasar por diante do parque de Santiago para actuar noutros concellos limítrofes e isto, que hoxe se pode arranxar, é algo que hai que poñer sobre a mesa, e eu o que quero tratar aquí é de poñer esa atención, e que se colabore co Concello de Santiago, e que se faga o parque comarcal de Santiago, tal cal estaba establecido e era a orixe do primeiro convenio, e se hai que financialo porque se chegou a un acordo, se financie o ano 2008, pero deixe, dalgunha maneira, nos anos sucesivos a unha cuestión, é dicir, negocien vostedes con este colectivo, que traballen dunha maneira coordinada e axeitada a un estado de ánimo que nun servizo de extinción de incendios é fundamental, e esta non é a situación na cal está agora. Por iso, cando falo de precariedade nos outros concellos, ollo, non é o mesmo o que a súa obriga a fagan no seu territorio, ou que se lles obrigue por imperativo legal da Lei de emerxencias de Galicia, porque o nivel, non sei, dalgunha maneira eu confío na profesionalidade, pero desde logo o estado de ánimo non é o mesmo, e a situación non é a mesma. E eu creo que estamos a tempo, e de acordo con este convenio, estamos a tempo de arranxar esas dúas ou tres cousas, e facelo mellor no futuro, dalgunha maneira fagamos e minimicemos os recursos neste caso, e neste momento, e podemos

facelo, por iso creo que vén ao caso isto, e de ningunha maneira pretendo que o Concello de Santiago non coopere a través desta deputación, nin moito menos, o que quero é que se coopere e se coopere ben, e que os recursos se adecúen ás necesidades dos cidadáns e non se malgasten, neste caso, en dous investimentos que se van facer a unha distancia que a xente non o entendería, porque non é racional, e iso é o que dalgunha maneira estamos nós apuntando. Nada máis e moitas grazas.

**Sr. Lagares Pérez**

Moi brevemente, para matizar.

Primeiro, reitero o cumprimento da Lei de emerxencias de Galicia e, evidentemente, sen dubidar en ningún momento, nin dos bombeiros de Santiago, nin da súa profesionalidade, nin dos da Coruña, nin os de Ferrol, é evidente que, se se produce unha catástrofe, todo o mundo vai actuar como ten que actuar, e como todos actuamos de forma solidaria. Con respecto ao que me fala da infraestrutura que se ía facer, ou que está parada do parque comarcal, veremos a que se destina, algo terá que facerse con el. Nun principio elíxese o Concello de Ames porque parece a máis oportuna.

E insisto, este convenio ten proxecto de que o Concello de Santiago non se senta discriminado economicamente porque ten que estar soportando neste momento unhas partidas por 19 bombeiros a maiores que ían actuar de forma comarcal, e iso é o que se recolle no convenio. Despois, que o Concello de Santiago actuase de forma atinada ou desatinada, eu niso non vou entrar porque, francamente, descoñézoo, o que si coñezo, ou coñecemos perfectamente, é que a deputación, esta institución provincial, cumpre cos seus compromisos, e ese compromiso do que acabamos de falar vaino cumprir achegando o seu 40% durante estas anualidades e cos aspectos que sinalei na primeira intervención. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Despois de debater este tema, ímolo someter a votación. Vostedes van votar abstención?

Sr. García Borregón, o problema é que o que estamos discutindo é o que di o título do punto "Aprobación do convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar os gasto derivados do incremento do cadro do persoal do parque de bombeiros de Santiago de Compostela", é dicir, aquí, como dicía o Sr. Lagares, o Concello de Santiago de Compostela incrementou o cadro de persoal en 19 persoas porque se ía dar un servizo comarcal desde o parque de bombeiros de Santiago, e nós comprometémonos a financiar o 40%, a Xunta o 40%, e o concello o 20% dese gasto dos 19 bombeiros. Certamente hai unha sentenza do Tribunal Supremo, non imputable á deputación, non por feitos que fixo a deputación, que poñen en dificultade a

comarcalización deste centro, e a sentenza di unha serie de cousas porque di que non se negociou cos bombeiros as novas condicións salariais porque se modifican as súas competencias. E as pretensións que se pretendían negociar parecíannos inabordables, e pareceunos moito máis eficiente e moito máis barato crear un parque novo que negociar con bombeiros que non son da deputación, porque isto é un parque, os outros parques dependen do Consorcio de Bombeiros, e a comarcalización de Santiago non depende do Consorcio, que se poña a negociar a Deputación cuestións salariais cos bombeiros de Santiago non é razoable, e pareceunos máis razoable facer outro parque de bombeiros novo.

O parque de Santiago no que investimos creo que 900.000 euros, ou unha cousa así, non sei exactamente a cifra, será un parque de Santiago, que se acabará, e será un parque de bombeiros de Santiago, e os bombeiros de Santiago terán que intervir en casos de emerxencia segundo di a Lei de emerxencias nos municipios limítrofes, se así son solicitados para iso. O que é importante saber é que os cidadáns de Santiago están atendidos polos seus bombeiros, que hai un parque de bombeiros en Santiago que funciona, que están atendidos, e o que temos que facer nós é resolver o tema dos municipios limítrofes. Eu estiven reunido cos concellos e todos os alcaldes están encantados de que se faga un novo parque de bombeiros. E o que estamos facendo agora, como dicía o Sr. Lagares, dicíndolle ao concello, se nós o embarcamos a vostede na contratación de 19 prazas de bombeiros novos, imos a axudarlle a financiar o que nos comprometeramos, o 40%, e vostede comprométese a que as xubilacións que vai habendo no seu cadro de persoal de bombeiros, as vai amortizando e vai cubrindo con estes 19 bombeiros que foron contratados para a comarcalización, e iso é o que estamos discutindo, e neste momento é imposible, porque está en proceso de adxudicación xa o parque de Ames, e é imposible volver a moviola para atrás e tomar decisións que xa están tomadas.

Da súa intervención, efectivamente, relata feitos que son obxectivos, hai unha paralización, non é imputable á deputación, hai unha sentenza, non é imputable á deputación, e logo hai opinións que son lexítimas e sensatas, que eu neste caso non comparto. Non é menos eficiente o que imos facer, nin é máis custoso nin é duplicar investimentos, pero xa digo, non é o momento procedemental, porque xa pasou, estamos no momento de que lle dicimos ao Concello de Santiago, que o deixamos e ten que facerse cargo o concello do custo dese persoal, que lle obrigamos a contratar porque iamos comarcalizar, ou asumimos os compromisos que tiñamos, e a deputación creo que debe asumir os compromisos que tiñamos ata o ano 2011, poñemos un límite temporal e o concello obrígase a amortizar, é dicir, os bombeiros que se van xubilando amortizan a praza e vanas cubrindo con eses 19 contratos.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)
Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, e o Concello de Santiago de Compostela, sobre a liquidación do financiamento dos gastos , derivados do incremento do cadro de persoal do parque de bombeiros de Santiago de Compostela.
2.- Facultar ao Ilmo. Sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.
3.- O texto do convenio é o seguinte:

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a liquidación dos gastos derivados do incremento do cadro de persoal de bombeiros do parque de bombeiros do concello.

Santiago de Compostela, de de 2008

**REUNIDOS**

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación dela, e en virtude do acordo plenario do seu nomeamento.

D. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**INTERVEÑEN**

PRIMEIRO.- Que a Deputación Provincial da Coruña ten atribuídas, entre outras, as competencias de asistencia e cooperación cos concellos da provincia no relativo á dotación e prestación de servizos de competencia municipal.

SEGUNDO.- Que de acordo co disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da

comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos, e, a protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Dende esa perspectiva, a protección civil ten que considerarse como un servizo público organizado de forma coordinada polas distintas administracións con competencias nesta materia.

TERCEIRO.- Que como consecuencia da firmeza das sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, e da correlativa anulación do proceso de negociación que deu lugar á comarcalización do servizo do parque, os bombeiros de Santiago no teñen xa porque desenvolver as súas funcións fóra do termo municipal de Santiago.

CUARTO.- Que, non obstante, ante situacións de emerxencia que poidan xurdir no futuro, o Concello de Santiago e os bombeiros do parque de titularidade municipal, e sempre a través do procedemento que determine o propio concello, deberán prestar o auxilio debido, de acordo co previsto no artigo 27 apartado f) da Lei de emerxencias de Galicia.

QUINTO.- Neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública xa que o obxecto do convenio é a colaboración co concello en materia de protección civil entendendo esta como a seguridade pública no seu sentido amplo dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento e poñendo en valor o interese da prevención, así como a practica individual e colectiva da autoprotección, como medida primordial para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

SEXTO.- .- En consecuencia, e segundo o previsto no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é asegurar a liquidación final da achega da Deputación Provincial da Coruña prevista no convenio de:"Ampliación do cadro de persoal do Parque de Bombeiros de Santiago" para o período 2008-2011

### SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DO INCREMENTO DO CADRO DE PAERSOAL DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO

O cadro de persoal do corpo de bombeiros de Santiago, con anterioridade á sinatura do convenio marco que deu lugar á súa ampliación, era de 57 bombeiros.

O convenio marco, modificado na súa redacción polo asinado o 29 de decembro de 2004, estableceu unha previsión de incremento do referido cadro de persoal en 19 bombeiros máis para dar servizo aos concellos relacionados no convenio.

A porcentaxe de financiamento do incremento dos gastos de persoal do parque de bombeiros de Santiago quedou fixado para a Deputación Provincial da Coruña no 40%

**TERCEIRA.- FINANCIAMENTO DA LIQUIDACIÓN DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO INCREMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL DO PARQUE DE BOMBEIROS**

En consonancia coa previsión do convenio marco, acórdase o financiamento da liquidación do incremento que experimentan os gastos de persoal derivados do incremento do cadro de persoal de persoal do parque.

Os gastos derivados do incremento do cadro de persoal determinaranse para o exercicio 2008 mediante certificación detallada expedida pola Intervención municipal. A deputación asume o financiamento do 40 por cen do incremento dos gastos dende o 1 de xaneiro de 2008.

**CUARTA.- DETALLE DAS ACHEGAS REFERIDAS AO PERÍODO 2009-2011**

No que se refire ás achegas correspondentes aos exercicios comprendidos no período 2009-2011, as achegas provinciais referidas á liquidación dos gastos derivados do incremento do cadro de persoal do parque aboaranse contra a certificación dos gastos expedida para cada exercicio polo concello. As achegas provinciais determinaranse mediante a aplicación do índice que fixe para cada exercicio a Lei de presupostos xerais do Estado, para as subidas retributivas dos funcionarios públicos aplicado aos importes do exercicio 2008. Coa detracción da parte proporcional referida ás prazas de bombeiro que serán amortizadas segundo a seguinte previsión de amortización:

Anualidade 2008.........................tres prazas
Anualidade 2009.........................tres prazas
Anualidade 2010.........................dúas prazas
Anualidade 2011........................ unha praza

En ningún caso a achega provincial será superior ao corenta por cen do importe real e efectivo dos gastos acreditados mediante a certificación da Intervención municipal.

**QUINTA.- PAGAMENTO**

O pago da achega financeira da Deputación Provincial da Coruña realizarase contra a presentación da certificación da Intervención do concello e das liquidacións dos gastos derivados do incremento do cadro de persoal. A achega provincial ingresarase contra as liquidacións trimestrais do Concello de Santiago, nos dous meses seguintes á recepción da documentación referida no apartado anterior. Todas as liquidacións deberán ser expedidas de acordo co previsto no presente convenio.

**SEXTA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define para o 2008 na cláusula terceira e para os anos 2009 a 2011 na cláusula cuarta, a achega provincial representa unha porcentaxe de 40 por 100 do custo total dos gastos. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o corenta por cento da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/223.A/462.01, previa acreditación pola Intervención provincial da existencia de crédito dispoñible suficiente.
Con respecto ás anualidades futuras, o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o citado ano e a que existe nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

O Concello de Santiago deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula.

**SÉTIMA. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

**NOVENA.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**DÉCIMA.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**DUODÉCIMA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

**DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2011.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o do concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

**DÉCIMO QUINTA- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

No prazo dos quince días seguintes á sinatura do presente convenio de colaboración constituirase unha comisión para garantir o seu correcto seguimento. A comisión estará integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, e velará polo seu seguimento, así como de resolver todos os problemas que poidan xurdir na interpretación do presente convenio.”

**7.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PROXECTO**

**“ENLACE DA EP 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO)”, DENTRO DA DUODÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“-Á vista do informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Conservación, desestimar as alegacións presentadas polos propietarios das fincas afectadas polas obras de referencia, desestímase a alternativa proposta, por presentar un enlace coa DP 3301 con moita menor visibilidade que a solución proxectada e aproximarse a unha curva cerrada da dita estrada, o que supón, polo tanto, un perigo para a seguridade viaria. Ademais o trazado proposto afectaría á esquina dunha edificación existente

- Publicar o citado acordo mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia, nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerarase definitivamente aprobado.

- Comunicar o presente acordo a todos os afectados.”

**8.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 2ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO “TRAVESÍA DE CALVARIO A PAO DE LOBO NA DP 2403 (CERCEDA) (0811300017.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente o PLAN DE TRAVESIAS 2008 2ª FASE integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 399.725,97.- euros e que son as que a continuación se detallan

| DENOMINACIÓN | ORZAMENTO |
|---|---|
| TRAVESIA DE CALVARIO A PAO DE LOBO NA D.P. 2403 (CERCEDA) (0811300017.0) | 399.725,97 |
| TOTAL | 399.725,97 |

O citado gasto deberá tramitarse como un gasto anticipado e con cargo á aplicación 0401/511f/60102 do orzamento para o ano 2009.

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

**9.-APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA EP 5404 DO PK 6,500 AO FINAL DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA, VALDOVIÑO (0711100013.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO DA C.P. 5404 DO PQ 6,500 O FINAL DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA, VALDOVIÑO (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0711100013.1) polo seu orzamento de contrata de 744.948,68.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 123.393,50.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, C.R.C. OBRAS E SERVICIOS, S.L. (B15387855) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 534.128,12.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 88.473,12.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.538,93.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedand, polo tanto, fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 21.365,13.- EUROS."

**10.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 4ª FASE INTEGRADO POLA "CONSTRUCIÓN DA ROTONDA NA INTERSECCIÓN ENTRE A DP 7201 E AVDA. DOS ARCOS MOLDES (RIANXO)" E "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0513 DE PONTE MUÍÑOS A CAIÓN POR PAIOSACO PK 1,38 AO 3,2 (A LARACHA E ARTEIXO)".**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"

1) Aprobar inicialmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2008 4ª FASE cun orzamento total de 1.402.206,80.- euros e que son as que a continuación se detallan

| DENOMINACIÓN | PRESUPUESTO |
|---|---|
| CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA NA INTERSECCIÓN ENTRE A DP 7201 E AVDA DOS ARCOS MOLDES (RIANXO) | 84.652,64 |
| MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P.0513 DE PONTE MUIÑOS A CAION POR PAIOSACO PK 1,38 Ó 3,2 (A LARACHA E ARTEIXO) | 1.317.554,16 |
| total | 1.402.206,80 |

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que no xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou súa correspondente fase.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008)."

**11.-APROBACIÓN DO PROXECTO "REFORMADO DE REALIZACIÓN DA TRAVESÍA NO LUGAR DE DUMBRÍA 1ª FASE (DUMBRÍA) (0611300006.1).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE REALIZACIÓN DA TRAVESÍA NO LUGAR DE DUMBRIA 1ª FASE (DUMBRIA), DUMBRÍA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0611300006.1) polo orzamento de contrata de 476.358,22.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 77.422,62.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, MANUEL RODRIGUEZ LEMA, S. L. (B15071822) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 401.522,33.- EUROS, o que representa un incremento respecto ao primitivo de 65.259,52.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.630,58.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 16.081,09.- EUROS."

**12.-APROBACIÓN DA ANUALIDADE 2008 DO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º- Aprobar a anualidade 2008 do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume. A relación de investimentos contidos nesta anualidade, o detalle das obras e servizos a executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente cadro.

| | | | Anualidade 2008 | | Anualidade 2009 | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Concello** | **Código** | **Actuació.** | **Deput.** | **Cone.** | **Deputa.** | **Conc.** | |
| Monfero | 08.4700.0001.0 | Rutas de sendeirismo polo termo municipal de Monfero | 33.612,74 | **0,00** | 0,00 | 0,00 | 33.612,74 |
| Pontedeume | 08.47000.0002.0 | Instalación iluminación pública para iluminación da Capela de Breamo e Castelo de Andrade | 75.874,90 | 0,00 | 793,90 | 7.383,76 | 84.052,56 |
| Vilarmaior | 08.4700.0003.0 | Reparación da cuberta da igrexa parroquial de San Cristovo de Goimil | 30.512,36 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 30.512,36 |
| TOTAL | | | 140.000,00 | 0,00 | 793,90 | 7.383.76 | 148.177,66 |

2º.- A contratación das obras e servizos incorporados na relación da anualidade 2008 do programa delégase nos concellos respectivos conforme aos seguintes criterios:

A contratación da obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberán realizala antes do día 30 de marzo do ano seguinte á aprobación do programa. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, previa solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no programa destinaranse a minorar a achega voluntaria municipal que se realice ata anular, se fose posible, a dita achega. En caso de que a actuación non teña achega municipal, a baixa destinarase a minorar a achega provincial da correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras e/ou as actuacións de investimento deberá remitírselle a esta deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.

- Listaxe de obras e investimentos cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.

- Documentación xustificativa da elección do procedemento e forma de adxudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación de ofertas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adxudicación e informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentada.

No caso de seren executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos suposto é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

No caso de adquisición de equipamentos, os concellos efectuarán a xustificación presentando a certificación do acordo polo que se aprobou a adquisición do equipamento, xunto coa copia, en caso de ben inmoble, da escritura pública de adquisición e no resto dos casos a certificación da aprobación da factura e demais documentos xustificativos polo órgano de Contratación. Así mesmo, achegarase a certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello e, no seu caso, acreditación da inscrición rexistral a prol deste.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarse á vista das certificacións da sobras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figura na súa páxina web, debidamente aprobadas polo concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000 €, salvo na última certificación.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no programa.

Coa primeira certificación deberá xuntarse as dúas fotografías onde se reflicta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supere o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas, esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízaselle á deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

3º O financiamento das achegas provinciais ás obras seralle imputado á partida 0305/ 751.A/762.01 do vixente presuposto da Corporación. O orzamento total da achega provincial á anualidade 2008 ascende, polo tanto, a 140.000 euros. O orzamento da achega provincial imputable á anualidade 2009 ascende a 793,90 euros e o da achega municipal, correspondente ao Concello de Pontedeume a 7.383,76 €.

4º O presente acordo, no que respecta á achega provincial á obra ”Instalación pública para a iluminación da capela de Breamo e castelo de Andrade” queda condicionada á consignación no orzamento provincial do exercicio 2009 da consignación prevista para a citada anualidade.

5º Dispoñer a exposición pública da anualidade do plan 2008 mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

6º.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

## 13.-APROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA 4ª ANUALIDADE DO PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o cadro de actuacións da cuarta anualidade do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, segundo o acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 13 de novembro de 2008.”

| | ACTUACIÓN | Orzamento |
|---|---|---|
| 1 | Actuación na praia fluvial do Río Furelos 3ª Fase | 66.145,00 € |
| 3 | Posta en valor e acondicionamento de espazos para a Celebración da Festa Turística do Viño | 92.160,00 € |
| 4 | Comunicación e promoción | 26.000,00 € |
| 5 | Sinalización direccional e interpretativa | 51.195,00 € |
| 6 | Acondicionamento de Puntos de Información Turística | 10.000,00 € |
| 7 | Xerencia (de 1-12-09 a 31-12-09) | 4.500,00 € |
| | Total | 250.000,00 € |

Todas as actuacións citadas son financiadas con cargo á partida 0305 751A 62802, Proxecto 2007 3 80010 3 1"

**14.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE GASTO DA CREACIÓN DO ENTE MIXTO DE XESTIÓN TURÍSTICA DE EUME-FERROL-ORTEGAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o proxecto de gasto"Ente mixto de xestión turística no territorio de Eume, Ferrol e Ortegal".

2.- Aprobar a distribución financeira do proxecto "Ente mixto de xestión Eume-Ferrol-Ortegal" e ás achegas de todos os socios cofinanciadores do proxecto:

O reparto orzamentario do proxecto sería o seguinte:

| DISTRIBUCIÓN FINANCEIRA DO PROXECTO APROBADO | | |
|---|---|---|
| Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (MITYC) | 45% | 65.000,00 € |
| Deputación da Coruña | 45% | 65.000,00 € |
| Sector Privado -Cámara de Comercio de Ferrol | 7% | 10.000,00 € |
| Asoc. Hostalería | 3% | 4.500,00 € |
| TOTAL | | 144.500,00 € |

3.- Aprobar as responsabilidades da Deputación Provincial da Coruña como xestor do proxecto:

- O proxecto detalla a asunción xeral de responsabilidades pola Deputación da Coruña:
    - Aceptar o cumprimento dos requisitos da convocatoria para o desenvolvemento de actividades en materia de turismo.

- Realizar as actividades recollidas no proxecto presentado pola Corporación local aprobado polo Xurado, de acordo coas datas de vixencia do convenio.
- Comunicar calquera posible eventualidade no desenvolvemento do proxecto subvencionado no momento en que aquela se produza.
- Presentar nos prazos sinalados os documentos requiridos.
- En todas as actuacións farase constar a colaboración da FEMP e a SET, atendendo aos logotipos oficiais aprobados por ambas institucións.

4.- Aprobar o instrumento de adhesión, segundo o texto do convenio adxunto, que acreditará a asunción dos compromisos da deputación respecto do proxecto aprobado.

5.- Facultar ao presidente da Corporación para asinar a aceptación da axuda e a adhesión ao convenio de marco FEMP-SET.

6.- O custo da achega provincial ao proxecto será imputado á partida orzamentaria que se determine no expediente de xeración de créditos a tramitar coa subvención concedida por resolución do secretario de Estado de Turismo e do resto das achegas dos socios previstas no proxecto."

## 15.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE GASTO DA CREACIÓN DO CONSORCIO DE TURISMO DE COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Acordada, polo Pleno da deputación, na sesión celebrada o pasado 28 de maio de 2008, a iniciación dos trámites de creación do Consorcio de Turismo de Costa da Morte:

1.- Aprobar o proxecto de gasto "Creación do Consorcio de Turismo de Costa da Morte" No proceso de creación do consorcio serán invitados a participar a Xunta de Galicia e os concellos do ámbito territorial da Costa da Morte.

2.- Aprobar a distribución financeira do proxecto "Consorcio de Turismo Costa da Morte e ás achegas de todos os socios cofinanciadores do proxecto:.

| ENTIDADE | % | ACHEGA PREVISTA |
|---|---|---|
| MINISTERIO DE INSUSTRIA TURISMO E COMERCIO | 45% | 65.000 |
| DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 45% | 65.000 |
| SECTOR PRIVADO -APTCM | 10% | 14.500 |
| TOTAL | | 144.500 |

3.- Aprobar as responsabilidades da Deputación Provincial da Coruña como xestor do proxecto:

- O proxecto detalla a asunción xeral de responsabilidades pola Deputación da Coruña:

  - Aceptar o cumprimento dos requisitos da convocatoria para o desenvolvemento de actividades en materia de turismo
  - Realizar as actividades recollidas no proxecto presentado pola Corporación local aprobado polo Xurado, de acordo coas datas de vixencia do convenio
  - Comunicar calquera posible eventualidade no desenvolvemento do proxecto subvencionado no momento en que aquela se produza
  - Presentar nos prazos sinalados os documentos requiridos
  - En todas as actuacións farase constar a colaboración da FEMP e a SET, atendendo aos logotipos oficiais aprobados por ambas institucións.

4.- Aprobar o instrumento de adhesión, segundo o texto do convenio adxunto, que acreditará a asunción dos compromisos da deputación respecto do proxecto aprobado.

5.- Facultar ao presidente da Corporación para asinar a aceptación da axuda e a adhesión ao convenio de marco FEMP-SET.

6.- O custo da achega provincial ao proxecto será imputado á partida orzamentaria que se determine no expediente de xeración de créditos a tramitar coa subvención concedida por resolución do secretario de Estado de Turismo e do resto das achegas dos socios previstas no proxecto."

**16.-APROBACIÓN DA ANUALIDADE 2008 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Vistos os proxectos e demais documentación presentada polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008,

1.- Aprobar a anualidade 2008 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no anexo I a este acordo:

| | |
|---|---|
| Nº de obras | 62 |
| Nº de concellos | 40 |

| **FINANCIAMENTO** | |
|---|---|
| Achega municipal | 780.227,08 |
| Achega deputación | 8.413.876,25 |
| **Total** | **9.194.103,33** |

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- Aprobar o Plan complementario ao presente plan, no que se inclúen as obras que se relacionan no anexo II deste acordo que están pendentes de completar ou corrixir documentación. Estas obras teñen carácter de programación de actuacións e non se poderán aprobar definitivamente ata que estean correctas e completas.

4.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan, establecéndose que a data máxima para a adxudicación das obras desta anualidade 2008 remata o 30 de novembro de 2009, e o prazo para que as obras queden totalmente rematadas e certificadas remata antes do 1 de novembro de 2010.

5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan."

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**
**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011**
**Anualidade 2008**

Anexo 1: Obras da anualidade 2008 do Plan de Cooperación Provincial (PCC) 2008/2011

| CONCELLO | Código de obra | DENOMINACIÓN | DEPUTACIÓN | CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| ARANGA | 08. 3300. 0001. 0. | AMPLIACIÓN SANEAMENTO NO POUSADOIRO | 117.529,37 | 6.185,76 | 123.715,13 |
| | | **TOTAL** | **117.529,37** | **6.185,76** | **123.715,13** |
| ARES | 08. 3300. 0002. 0. | ABAST.,SAN., E PAV. RÚAS CELSO EMILIO FERR. E OU. | 309.770,65 | 34.418,98 | 344.189,63 |
| | | **TOTAL** | **309.770,65** | **34.418,98** | **344.189,63** |
| ARZÚA | 08. 3300. 0003. 0. | AMPLIACION REDE ABAST.AUGA A PASTORIZA E OUT. | 197.258,81 | 21.918,00 | 219.176,81 |
| | | **TOTAL** | **197.258,81** | **21.918,00** | **219.176,81** |
| BETANZOS | 08. 3300. 0004. 0. | RENOV. SERV. .AUGA, FECAIS, PLUV. R/ALFONSO IX | 87.446,13 | 15.431,67 | 102.877,80 |
| | 08. 3300. 0005. 0. | SANEAMENTO E URBANIZACIÓN PRRQ. REQUIAN | 86.348,20 | 15.237,91 | 101.586,11 |
| | | **TOTAL** | **173.794,33** | **30.669,58** | **204.463,91** |
| BOQUEIXÓN | 08. 3300. 0006. 0. | SANEAM. E ABAST. EN IGREXA (OURAL) E OUTROS | 151.782,54 | 7.988,55 | 159.771,09 |
| | 08. 3300. 0007. 0. | SANEAMENTO EN CASTENDA (MELÓN) E OUTROS | 150.605,59 | 7.926,61 | 158.532,20 |
| | | **TOTAL** | **302.388,13** | **15.915,16** | **318.303,29** |
| BRIÓN | 08. 3300. 0008. 0. | SANEAMENTO EN CANTELAR, LAGO E CABANAS | 337.551,24 | 37.505,69 | 375.056,93 |
| | | **TOTAL** | **337.551,24** | **37.505,69** | **375.056,93** |
| CAPELA, A | 08. 3300. 0009. 0. | ABAST. AUGA A SANDE, CALZADOS E TEIXEIRA | 119.497,56 | 6.289,35 | 125.786,91 |
| | | **TOTAL** | **119.497,56** | **6.289,35** | **125.786,91** |
| CARNOTA | 08. 3300. 0010. 0. | AMPL. REDE SAN. CARNOTA-PEDRAMARRADA 1ª FASE | 90.000,00 | 10.000,00 | 100.000,00 |
| | | **TOTAL** | **90.000,00** | **10.000,00** | **100.000,00** |
| CERDIDO | 08. 3300. 0011. 0. | SAN. PIÑEIRO,ABAST.AUGA OS CUBOS, PENSO E OU. | 95.000,00 | 5.000,00 | 100.000,00 |
| | | **TOTAL** | **95.000,00** | **5.000,00** | **100.000,00** |
| CESURAS | 08. 3300. 0012. 0. | INST. E MELLORA SAN. (1ªF) EN PPRQ. BRAGADE | 233.434,45 | 12.286,03 | 245.720,48 |
| | | **TOTAL** | **233.434,45** | **12.286,03** | **245.720,48** |
| COIRÓS | 08. 3300. 0013. 0. | SAN.COIRÓS DE ABAIXO, OS | 106.875,33 | 5.625,03 | 112.500,36 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | CHAS, CALDERON E OU. | | | |
| | | | | | **TOTAL** | **106.875,33** | **5.625,03** | **112.500,36** |
| CORISTANCO | 08. | 3300. | 0014. | 0. | RECOLLIDA PLUVIAIS XAVIÑA, S.XUSTO E OU. | 141.692,53 | 15.743,62 | 157.436,15 |
| | 08. | 3300. | 0015. | 0. | RECOLLIDA PLUVIAIS SEAVIA,ERBECEDO,COUSO | 137.529,95 | 15.281,11 | 152.811,06 |
| | | | | | **TOTAL** | **279.222,48** | **31.024,73** | **310.247,21** |
| DUMBRÍA | 08. | 3300. | 0016. | 0. | SANEAMENTO NA LAXE | 94.000,00 | 6.000,00 | 100.000,00 |
| | 08. | 3300. | 0017. | 0. | SANEAMENTO NO CASTIÑEIRIÑO | 94.000,00 | 6.000,00 | 100.000,00 |
| | 08. | 3300. | 0018. | 0. | SANEAMENTO NO FONDO DE ÉZARO | 94.000,00 | 6.000,00 | 100.000,00 |
| | | | | | **TOTAL** | **282.000,00** | **18.000,00** | **300.000,00** |
| FISTERRA | 08. | 3300. | 0019. | 0. | REDE DE SAN. S.MARTIÑO ABIXO, ERMEDESUXO E OU. | 181.837,19 | 9.570,38 | 191.407,57 |
| | | | | | **TOTAL** | **181.837,19** | **9.570,38** | **191.407,57** |
| A LARACHA | 08. | 3300. | 0020. | 0. | ABAST.AUGA EN GOLMAR, VILAÑO, TORÁS E OUTRO | 165.845,91 | 29.266,93 | 195.112,84 |
| | 08. | 3300. | 0021. | 0. | REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE COIRO | 95.640,55 | 16.877,74 | 112.518,29 |
| | | | | | **TOTAL** | **261.486,46** | **46.144,67** | **307.631,13** |
| LAXE | 08. | 3300. | 0022. | 0. | COLECTORES DE SANEAMENTO EN CAMPO E COENS | 296.217,95 | 15.590,42 | 311.808,37 |
| | | | | | **TOTAL** | **296.217,95** | **15.590,42** | **311.808,37** |
| LOUSAME | 08. | 3300. | 0023. | 0. | REDE ABAST. MERELLE, ABELENDO, MEIXONFRIO | 111.438,35 | 8.561,01 | 119.999,36 |
| | | | | | **TOTAL** | **111.438,35** | **8.561,01** | **119.999,36** |
| MAÑÓN | 08. | 3300. | 0024. | 0. | SAN. E ABAST. ESTRADA FERROL-VIVEIRO E OUT. | 163.781,38 | 8.620,07 | 172.401,45 |
| | | | | | **TOTAL** | **163.781,38** | **8.620,07** | **172.401,45** |
| MAZARICOS | 08. | 3300. | 0025. | 0. | MELLORA.SAN. PINO DE VAL, A PICOTA E ARQUEIRÓN | 179.475,78 | 19.941,75 | 199.417,53 |
| | 08. | 3300. | 0026. | 0. | RECUP.ÁREA DEGRADADA NA CANTEIRA PINO DO VAL | 99.000,00 | 11.000,00 | 110.000,00 |
| | | | | | **TOTAL** | **278.475,78** | **30.941,75** | **309.417,53** |
| MELIDE | 08. | 3300. | 0027. | 0. | SUBSTITUCIÓN ABAST. POLIG.IND.AVDA. LUGO | 90.000,00 | 10.000,00 | 100.000,00 |
| | | | | | **TOTAL** | **90.000,00** | **10.000,00** | **100.000,00** |
| MESÍA | 08. | 3300. | 0028. | 0. | AMPL. ABAST AUGA CAMIÑOS DE XANCEDA E OUTRO | 112.639,20 | 5.928,38 | 118.567,58 |
| | 08. | 3300. | 0029. | 0. | AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN XANCEDA | 112.639,20 | 5.928,38 | 118.567,58 |
| | | | | | **TOTAL** | **225.278,40** | **11.856,76** | **237.135,16** |
| MIÑO | 08. | 3300. | 0030. | 0. | BOMBEO AUGAS RESID. EN CHAO (CARANTOÑA) | 100.334,03 | 11.148,23 | 111.482,26 |
| | 08. | 3300. | 0031. | 0. | BOMBEO AUGAS RESID. PORTOVELO (CARANTOÑA) | 100.242,36 | 11.138,04 | 111.380,40 |
| | | | | | | **200.576,39** | **22.286,27** | **222.862,66** |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MONFERO | 08. | 3300. | 0032. | 0. | SANEAMENTO NAS TRAVESAS | 236.657,34 | 12.455,65 | 249.112,99 |
| | | | | | **TOTAL** | **236.657,34** | **12.455,65** | **249.112,99** |
| MUGARDOS | 08. | 3300. | 0033. | 0. | SEPARATA 3 (1ªPARTE) ABAST. FRANZA, O SEIXO E OU. | 180.000,00 | 20.000,00 | 200.000,00 |
| | | | | | **TOTAL** | **180.000,00** | **20.000,00** | **200.000,00** |
| ORDES | 08. | 3300. | 0034. | 0. | SANEAMENTO E ABASTECEMENTO RUA DA CANTEIRA | 86.104,29 | 15.194,88 | 101.299,17 |
| | 08. | 3300. | 0035. | 0. | SANEAMENTO E ABASTECEMENTO RUA CAMPOAMIOR | 159.499,31 | 28.146,94 | 187.646,25 |
| | | | | | **TOTAL** | **245.603,60** | **43.341,82** | **288.945,42** |
| PADERNE | 08. | 3300. | 0036. | 0. | SANEAMENTO EN PADERNE DE ABAIXO | 141.058,61 | 7.424,14 | 148.482,75 |
| | 08. | 3300. | 0037. | 0. | DEPURADORA EN MONTECELO E SAN. EN AMBOADES | 145.201,08 | 7.642,16 | 152.843,24 |
| | | | | | **TOTAL** | **286.259,69** | **15.066,30** | **301.325,99** |
| O PINO | 08. | 3300. | 0038. | 0. | SANEAMENTO EN PEREIRA | 129.056,29 | 6.793,00 | 135.849,29 |
| | 08. | 3300. | 0039. | 0. | ABAST. EN BUDIÑO, CASTROFEITO, FERREIROS E OU. | 174.557,60 | 9.188,00 | 183.745,60 |
| | | | | | **TOTAL** | **303.613,89** | **15.981,00** | **319.594,89** |
| A POBRA DO C. | 08. | 3300. | 0040. | 0. | MELL. ABAST. AUGA, SANEAM. E PLUV. R/GAVOTEIRA | 116.682,63 | 12.967,37 | 129.650,00 |
| | 08. | 3300. | 0041. | 0. | ABAST. E SAN. EN ROSAMONDE, A GRANXA, E OUTR. | 116.682,63 | 12.967,37 | 129.650,00 |
| | | | | | **TOTAL** | **233.365,26** | **25.934,74** | **259.300,00** |
| PONTECESO | 08. | 3300. | 0042. | 0. | SANEAMENTO EN TELLA | 129.303,77 | 14.367,09 | 143.670,86 |
| | 08. | 3300. | 0043. | 0. | ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN PAZOS | 127.938,43 | 14.215,38 | 142.153,81 |
| | | | | | **TOTAL** | **257.242,20** | **28.582,47** | **285.824,67** |
| AS PONTES | 08. | 3300. | 0044. | 0. | REP. SERV. ABAST. E SAN. POBOADO MAGDALENA, 2-f | 102.272,94 | 18.048,16 | 120.321,10 |
| | 08. | 3300. | 0045. | 0. | SANEAMENTONA FAEIRA | 85.854,39 | 15.150,77 | 101.005,16 |
| | 08. | 3300. | 0046. | 0. | REP. SERV. ABAST. E SAN. POBOADO DE BARREIRO 1-f | 129.972,41 | 22.936,31 | 152.908,72 |
| | 08. | 3300. | 0047. | 0. | REP. SERV. ABAST. CHAMOSELO (AVDA. DE LUGO...) | 103.863,22 | 18.328,80 | 122.192,02 |
| | | | | | **TOTAL** | **421.962,96** | **74.464,04** | **496.427,00** |
| SAN SADURNIÑO | 08. | 3300. | 0048. | 0. | BOMBEO E ABAST. AUGA EN CORRAS (S.SADURNIÑO) | 109.439,79 | 5.759,99 | 115.199,78 |
| '(1) | 08. | 3300. | 0049. | 0. | ESTRADA CASTELO-CP-2502(S.SADURNIÑO-VALDOVIÑO) | 141.092,55 | 10.051,05 | 151.143,60 |
| | | | | | **TOTAL** | **250.532,34** | **15.811,04** | **266.343,38** |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SANTISO | 08. | 3300. | 0050. | 0. | SANEAMENTO A PEZOBRE E A RENDOS | 96.302,06 | 5.068,53 | 101.370,59 |
| | | | | | **TOTAL** | **96.302,06** | **5.068,53** | **101.370,59** |
| SOBRADO | 08. | 3300. | 0051. | 0. | ABAST.AUGA A REBOREDO,TORANTE,BARCOI, E OUT. | 111.901,45 | 5.889,55 | 117.791,00 |
| | 08. | 3300. | 0052. | 0. | ABAST.AUGA PORTA, ANUQUEIRA, ACIBREIRA, BARRA | 111.460,65 | 5.866,35 | 117.327,00 |
| | | | | | **TOTAL** | **223.362,10** | **11.755,90** | **235.118,00** |
| TOURO | 08. | 3300. | 0053. | 0. | ABASTECEMENTO A CALVOS (SOBRECAMIÑO) E OUT. | 117.558,34 | 6.187,28 | 123.745,62 |
| | 08. | 3300. | 0054. | 0. | ABAST. BAIOBRE, OCA DE ABAIXO, BESEÑO E OUT. | 161.026,80 | 8.475,10 | 169.501,90 |
| | | | | | **TOTAL** | **278.585,14** | **14.662,38** | **293.247,52** |
| TRAZO | 08. | 3300. | 0055. | 0. | ABASTECEMENTO DE AUGA A PEDROUZO | 111.593,22 | 5.873,33 | 117.466,55 |
| | | | | | **TOTAL** | **111.593,22** | **5.873,33** | **117.466,55** |
| VALDOVIÑO | 08. | 3300. | 0056. | 0. | SANEAMENTO CAMIÑO DA VELA E RUEDA (MEIRÁS) | 137.750,41 | 15.305,60 | 153.056,01 |
| '(1) | 08. | 3300. | 0057. | 0. | AMPL. REDE ABASTECEMENTO E SANEAM. VALDOVIÑO | 110.821,45 | 12.313,49 | 123.134,94 |
| | | | | | **TOTAL** | **248.571,86** | **27.619,09** | **276.190,95** |
| VEDRA | 08. | 3300. | 0058. | 0. | AMPLIACION SANEAMENTO E ABASTEC. EN LARAÑO | 98.505,32 | 10.945,04 | 109.450,36 |
| | 08. | 3300. | 0059. | 0. | AMPLIACION SANEAMENTO EN MATELO | 96.893,88 | 10.765,99 | 107.659,87 |
| | | | | | **TOTAL** | **195.399,20** | **21.711,03** | **217.110,23** |
| VIMIANZO | 08 | 3300. | 0060. | 0. | SAN. ABAST. VIMIANZO A ESTRADA VAO-SANSOBRE | 108.251,86 | 12.027,98 | 120.279,84 |
| | 08 | 3300. | 0061. | 0. | SANEAMENTO E ABASTECEMENTO A CUBES | 115.291,71 | 12.810,19 | 128.101,90 |
| | 08 | 3300. | 0062. | 0. | SANEAMENTO E ABASTECEMENTO A RASAMONDE | 167.867,57 | 18.651,95 | 186.519,52 |
| | | | | | **TOTAL** | **391.411,14** | **43.490,12** | **434.901,26** |
| | | | | | **TOTAL ACUMULADO** | **8.413.876,25** | **780.227,08** | **9.194.103,33** |
| | | | | | **NUMERO DE CONCELLOS** | **38** | | |
| | | | | | **NUMERO DE OBRAS** | **62** | | |

'(1) Os Concellos de San Sadurniño e Valdoviño asinaron un convenio para a execución desta obra que contratará o Concello de San Sadurniño
o Concello de San Sadurniño e os datos do seu financiamento son os seguintes:

| | Total | San Sadurniño (5%) | Valdoviño (10%) |
|---|---|---|---|
| **Concello** | 10.051,05 | 5.063,31 | 4.987,74 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Deputación** | 141.092,55 | 96.202,90 | 44.889,65 |
| **total** | **151.143,60** | **101.266,21** | **49.877,39** |

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**
**PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011**
**Anualidade 2008**

Anexo II: Plan Complementario da anualidade 2008 do Plan de Cooperación Provincial (PCC) 2008/2011

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | DEPUTACIÓN | CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| ABEGONDO | SANEAMENTO EN COS | 127.941,93 | 14.215,78 | 142.157,71 |
| | ABASTECEMENTO AUGA A MONTOUTO | 116.959,15 | 12.995,46 | 129.954,61 |
| | **TOTAL** | **244.901,08** | **27.211,24** | **272.112,32** |
| ARANGA | AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN VILARRASO | 138.690,00 | 7.299,47 | 145.989,47 |
| | AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN CARBALLOTORTO | 158.379,80 | 8.335,78 | 166.715,58 |
| | | **297.069,80** | **15.635,25** | **312.705,05** |
| A BAÑA | ABASTECEMENTO AUGA S.MAMEDE (CEILAN) | 437.045,27 | 23.002,38 | 460.047,65 |
| | | **437.045,27** | **23.002,38** | **460.047,65** |
| BERGONDO | REDE SECUNDARIA SAN. EN CORTIÑAN | 131.010,87 | 14.556,76 | 145.567,63 |
| | REDE SECUNDARIA SAN. EN LUBRE | 139.590,32 | 15.510,04 | 155.100,36 |
| | | **270.601,19** | **30.066,80** | **300.667,99** |
| BOIRO | REDE DE SAN. ENTRE BELLES E TREITES | 96.574,58 | 24.143,65 | 120.718,23 |
| | MELLORA ABAST. CABO DE CRUZ-ABANQUEIRO 1-F | 415.539,47 | 103.884,87 | 519.424,34 |
| | | **512.114,05** | **128.028,52** | **640.142,57** |
| BOIMORTO | SANEAMENTO EN BRATES | 314.012,69 | 16.526,98 | 330.539,67 |
| | | **314.012,69** | **16.526,98** | **330.539,67** |
| BOQUEIXÓN | ABAST. NA ESPIÑEIRA (LAMAS) E OUTROS | 148.100,37 | 7.794,76 | 155.895,13 |
| | | **148.100,37** | **7.794,76** | **155.895,13** |
| CABANA | AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA CESULLAS | 165.551,73 | 18.403,68 | 183.955,41 |
| | AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA NANTON | 176.287,18 | 19.597,10 | 195.884,28 |
| | AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA CORCOESTO | 138.233,08 | 15.366,79 | 153.599,87 |
| | | **480.071,99** | **53.367,57** | **533.439,56** |
| CABANAS | SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO DO PORTO | 283.817,10 | 14.937,76 | 298.754,86 |
| | | **283.817,10** | **14.937,76** | **298.754,86** |
| CAMARIÑAS | SANEAMENTO EN PIÓNS E RIÁS | 107.975,81 | 11.997,31 | 119.973,12 |
| | SANEAMENTO EN BRAÑAS VERDES | 168.662,97 | 18.740,33 | 187.403,30 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | **276.638,78** | **30.737,64** | **307.376,42** |
| CARNOTA | AMPL.REDE SAN. LIRA. TRAMO AGROBELLO | 90.000,00 | 10.000,00 | 100.000,00 |
| | | **90.000,00** | **10.000,00** | **100.000,00** |
| CEDEIRA | REDE DE SANEAMENTO E EDAR EN MONTOXO | 459.749,78 | 77.081,08 | 536.830,86 |
| | | **459.749,78** | **77.081,08** | **536.830,86** |
| CEE | AMPL.SAN. ESTORDE E REPARACIÓN EDAR | 123.804,88 | 13.756,10 | 137.560,98 |
| | SANEAMENTO EN CANOSA | 126.646,88 | 14.071,87 | 140.718,75 |
| | | **250.451,76** | **27.827,97** | **278.279,73** |
| CERCEDA | SANEAM.E ABAST. NUCLEOS CERCEDA | 510.344,56 | 51.034,45 | 561.379,01 |
| | | **510.344,56** | **51.034,45** | **561.379,01** |
| CORISTANTO | RECOLLIDA AUGAS PLUV. EN TRABA E CASTRO | 135.453,20 | 15.050,36 | 150.503,56 |
| | | **135.453,20** | **15.050,36** | **150.503,56** |
| CURTIS | ABAST. E SAN. EN CURTIS, CIENCASAS E OUTROS | 115.213,61 | 6.977,22 | 122.190,83 |
| | ABAST. E SAN. NAS MINGUEIRAS, GODULFES E O. | 115.213,61 | 14.005,41 | 129.219,02 |
| | | **230.427,22** | **20.982,63** | **251.409,85** |
| DODRO | SAEAMENTO EN TEAIO | 121.158,91 | 6.376,79 | 127.535,70 |
| | | **121.158,91** | **6.376,79** | **127.535,70** |
| FENE | RENOV. ABAST. AVDA.NATURAIS E R/DA FRAGA | 166.249,12 | 29.338,07 | 195.587,19 |
| | | **166.249,12** | **29.338,07** | **195.587,19** |
| IRIXOA | ABAST. AUGA EN AMBROA E A VIÑA | 294.141,48 | 15.481,14 | 309.622,62 |
| | | **294.141,48** | **15.481,14** | **309.622,62** |
| FRADES | DISTRIBUCIÓN AUGA POTABLE EN ABELLÁ | 398.148,48 | 20.955,18 | 419.103,66 |
| | | **398.148,48** | **20.955,18** | **419.103,66** |
| LOUSAME | SANEAMENTO EN CERQUIDES E CASTRO | 92.865,79 | 7.134,21 | 100.000,00 |
| | | **92.865,79** | **7.134,21** | **100.000,00** |
| MALPICA | SAN.BUÑO, CAMBRE, CEILOIO,CERQUEDA 2-F | 197.822,09 | 21.980,23 | 219.802,32 |
| | | **197.822,09** | **21.980,23** | **219.802,32** |
| MAZARICOS | ABAST.AUGA A CORVEIRA, EIRON E OUTROS | 134.294,53 | 14.921,61 | 149.216,14 |
| | | **134.294,53** | **14.921,61** | **149.216,14** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| MOECHE | SANEAMENTO EN BALOCOS | 197.010,81 | 10.368,99 | 207.379,80 |
| | | **197.010,81** | **10.368,99** | **207.379,80** |
| MUXÍA | SAN. E DEPURACION SENANDO E OS MUIÑOS | 507.560,56 | 56.395,62 | 563.956,18 |
| | | **507.560,56** | **56.395,62** | **563.956,18** |
| NEGREIRA | ABAST.EN MARCELLE, MAIO PEQUENO, LOGROSA | 179.972,87 | 19.996,99 | 199.969,86 |
| | | **179.972,87** | **19.996,99** | **199.969,86** |
| ORDES | SANEAMENTO E ABAST. RÚA BUSCÁS | 132.150,60 | 23.320,69 | 155.471,29 |
| | SAN. E ABAST. CABEZA DE LOBO A CARBALLEIRA | 134.134,71 | 23.670,83 | 157.805,54 |
| | SAN. E ABAST. NO CURRO E OUTROS | 163.242,41 | 28.807,49 | 192.049,90 |
| | SANEAMENTO O PEREIRO-TRAS S.ANTON E OUT. | 161.702,83 | 28.535,79 | 190.238,62 |
| | | **591.230,55** | **104.334,80** | **695.565,35** |
| OROSO | ABAST. SAN. VIAL O CRUCEIRO-N 550 | 305.941,37 | 33.993,49 | 339.934,86 |
| | | **305.941,37** | **33.993,49** | **339.934,86** |
| ORTIGUEIRA | MELLORA REDE SANEAMENTO EN ESPASANTE E O. | 114.860,05 | 12.762,23 | 127.622,28 |
| | RENOV. E MELLORA ABAST. S.ADRIAN DE VEIGA | 90.005,52 | 10.000,61 | 100.006,13 |
| | | **204.865,57** | **22.762,84** | **227.628,41** |
| OUTES | SANEAMENTO LOIOS (BALADARES) | 110.867,29 | 12.319,00 | 123.186,29 |
| | SANEAMENTO BOCADROÑA (CANDO) | 91.872,29 | 10.209,00 | 102.081,29 |
| | SANEAMENTO BANZAS | 145.649,25 | 16.184,00 | 161.833,25 |
| | SANEAMENTO SAN LOURENZO | 118.603,92 | 13.178,22 | 131.782,14 |
| | | **466.992,75** | **51.890,22** | **518.882,97** |
| OZA DOS RIOS | MELLORA REDE MUNICIPAL AUGAS EN OZA | 189.998,31 | 9.999,91 | 199.998,22 |
| | | **189.998,31** | **9.999,91** | **199.998,22** |
| PONTEDEUME | SANEAMENTO CASCO URBANO FASE 2 | 361.883,22 | 78.578,34 | 440.461,56 |
| | BOMBEO AUGAS RESIDUAIS POLIG.VIDREIRO | 82.225,63 | 17.854,25 | 100.079,88 |
| | | **444.108,85** | **96.432,59** | **540.541,44** |
| RIANXO | ACOND.PAISAXÍSTICO CONTORNO ALAMEDA E O. | 573.472,66 | 101.201,06 | 674.673,72 |
| | | **573.472,66** | **101.201,06** | **674.673,72** |
| SADA | SUBSTITUCIÓN REDE AUGA E SAN. NA TENENCIA | 514.301,91 | 90.759,16 | 605.061,07 |
| | | **514.301,91** | **90.759,16** | **605.061,07** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| SANTISO | SANEAMENTO EN MOURAZOS | 96.302,06 | 5.068,53 | 101.370,59 |
| | | **96.302,06** | **5.068,53** | **101.370,59** |
| SOMOZAS, AS | SAN. E DEPURACIÓN EN PENADEIRIZ E OUTROS | 95.000,00 | 5.000,00 | 100.000,00 |
| | SAN. E DEPURACIÓN EN VILACHAVE, COTO E O. | 95.000,00 | 5.000,00 | 100.000,00 |
| | | **190.000,00** | **10.000,00** | **200.000,00** |
| TEO | ABAST. E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS | 260.742,30 | 65.185,58 | 325.927,88 |
| | | **260.742,30** | **65.185,58** | **325.927,88** |
| TOQUES | ABAST. PARADELA,STA.MARIÑA E VILOURIZ 1-F | 95.238,10 | 4.761,90 | 100.000,00 |
| | ABAST. PARADELA,STA.MARIÑA E VILOURIZ 2-F | 95.238,20 | 4.761,90 | 100.000,10 |
| | | **190.476,30** | **9.523,80** | **200.000,10** |
| TORDOIA | SANEAMENTO EN BARDAOS E PEDRASALGUEIRA | 145.614,44 | 12.662,12 | 158.276,56 |
| | SANEAMENTO EN SEIXAN (CABALEIROS) | 111.001,04 | 10.835,12 | 121.836,16 |
| | | **256.615,48** | **23.497,24** | **280.112,72** |
| VAL DO DUBRA | CAPTACIÓN E DEPOSITO EN RIAL E OUTRO | 498.078,94 | 26.214,68 | 524.293,62 |
| | | **498.078,94** | **26.214,68** | **524.293,62** |
| VALDOVIÑO | AMPL. REDE ABAST. E SANEAMENTO EN LAGO | 127.590,43 | 14.176,71 | 141.767,14 |
| | | **127.590,43** | **14.176,71** | **141.767,14** |
| VEDRA | AMPL. REDE ABASTECEMENTO EN PONTE ULLA | 119.568,27 | 13.285,36 | 132.853,63 |
| | AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN PARADELA | 94.733,77 | 10.525,98 | 105.259,75 |
| | | **214.302,04** | **23.811,34** | **238.113,38** |
| VILARMAIOR | REDE DE SANEAMENTO EN LOUREIRO - OS CHAOS | 95.088,26 | 5.004,65 | 100.092,91 |
| | AMPL. REDE ABAST. TORRES-DOROÑA-LIÑARES | 109.589,58 | 5.767,87 | 115.357,45 |
| | | **204.677,84** | **10.772,52** | **215.450,36** |
| CARIÑO | ABASTECEMENTO- SANEAMENTO NA RÚA REAL | 212.320,03 | 41.651,30 | 253.971,33 |
| | ABASTECEMENTO- SANEAMENTO NA RÚA ROSARIO | 132.589,38 | 26.010,36 | 158.599,74 |
| | | **344.909,41** | **67.661,66** | **412.571,07** |
| | **TOTAL** | **12.904.630,25** | **1.519.520,35** | **14.424.150,60** |

**17.-INFORME EMITIDO O 28 DE NOVEMBRO DE 2008 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O "PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002-2006", SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS PREVISTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Visto o informe emitido o 28 de novembro de 2008 polo equipo desta deputación encargado de realizar o "Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006", sobre a realización das verificacións previstas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido do citado informe emitido o 28 de novembro de 2008, que afecta aos pagos realizados dende o 1 de abril de 2008 ata 30 de xuño de 2008.

Neste informe indícase que se fixeron as verificacións precisas segundo as listaxes de comprobación facilitadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

1.- Que os gastos son elixibles e se fixeron dentro do período de elixibilidade.
2.- Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
3.- Que as condicións do POL respectáronse de xeito adecuado.
4.- Que os produtos ou servizos cofinanciados subministráronse.
5.- Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio natural e á igualdade de oportunidades respectáronse.
6.- Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) respectáronse.

2.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Administracións Públicas para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local."

**18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "CONSTRUCIÓN DA PRAZA E ACONDICIONAMENTO. XESÚS CARRO E O." DO CONCELLO DE MELIDE, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2007. CÓDIGO 07.2100.0197.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Constr. da praza e acond. Xesús Carro e ou." (código:07.2100.0197.0) do Concello de Melide, incluída no POS 2007, cun orzamento

de contrata de 57.205,38 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total, si cambia en parte o obxecto da obra e o seu trazado.”

| Código | Concello | Denominación | Deputación F. Propios | Deputación Préstamo | Estado | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 07.2100.0197.0 | Melide | Constr. praza e acond. Xesús Carro e O. | 23.368,39 | 22.824,95 | 8.151,77 | 2.860,27 | 57.205,38 |

## 19.-APROBACIÓN DO PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS 2008: PLAN DE INFOACCESIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, COFINANCIADO CON FONDOS DO IMSERSO, FUNDACIÓN ONCE E DEPUTACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Logo de ver a Resolución de Presidencia nº 5166 do 21 de abril de 2008 pola que se aprobaba solicitar a adhesión á anualidade 2008 do “Convenio marco de colaboración subscrito o 20 de febreiro de 2008, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do IMSERSO e da Fundación ONCE para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade, para desenvolver un Programa de accesibilidade universal para os anos 2008-2010”, para o financiamento dun Plan de infoaccesibilidade da administración local da provincia da Coruña.

Logo de ver o escrito recibido do IMSERSO por medio do cal se comunica que a Comisión de Seguimento do citado convenio marco aprobou a proposta desta entidade que ten por obxecto a realización dunha actuación de accesibilidade, con indicación do plan financeiro fixado pola Comisión.

1º -Aprobar o Plan de eliminación de barreiras 2008 cofinanciado con fondos IMSERSO, Fundación ONCE e Deputación, no que se inclúe a actuación que a continuación se indica con detalle do seu financiamento:

| PLAN DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS 2008 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | 54% | 12% | 34% |
| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO | IMSERSO | Fundación ONCE | Deputación |
| 08.2930.0001.0 | Plan de infoaccesibilidade da administración local da provincia da Coruña | 147.440,65 | 79.617,95 | 17.692,88 | 50.129,82 |

Aprobar, así mesmo, o correspondente proxecto.

2º.- A contratación e execución das obras faraa a Deputación de acordo co establecido no convenio de colaboración, co seu manual de procedemento e co convenio de colaboración singular asinado con esta deputación.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.

6º.- Facultar ao presidente da deputación para asinar o convenio de colaboración singular e para a realización de cantas actuacións sexan precisas para a execución deste acordo."

**20.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PADRÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Padrón en relación coa seguinte materia:

- Xestión, recadación e inspección do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo."

**21.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BETANZOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Betanzos. Nesta prórroga tamén se incluirán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario de aprobación definitiva, o 28 de outubro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

**22.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Ortigueira. Nesta prórroga tamén se incluirán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 28 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

**23.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PADRÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a prórroga ata o un de xaneiro de dous mil vinte e dous das delegacións de competencias en materia tributaria e liquidacións correspondentes a multas impostas polo concello por infraccións sobre a Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria realizadas por este concello na deputación que rematarían orixinariamente o día un de xaneiro de dous mil doce. Esta mesma prórroga aplicarase ás delegacións que se acorden dende o día da data (17.09.08) ata o trinta e un de decembro de dous mil once.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

**24.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Pontedeume. Nesta prórroga tamén se incluirán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario de aprobación definitiva, o 25 de setembro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

**25.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SANTISO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Santiso. Nesta prórroga tamén se incluirán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 11 de xullo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

ACTUACIÓN DE CONTROL
ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, eu quixera facer, non un rogo, senón unha reflexión, xa que é o último Pleno do ano, e como resumo da actividade anual, xa que este é o último Pleno que celebramos neste ano 2008, e á súa vez, se cabe, sirvan de rogos para mellorar o funcionamento desta institución desde o noso punto de vista.

No Pleno de mes de novembro, no punto no que se debateu e aprobou o Orzamento desta deputación para o próximo 2009 vostede, Sr. Presidente, fixo unha serie de afirmacións ás que quixese referirme. Dicía vostede que o goberno ten a obriga de falar e dialogar coa oposición, e que a oposición debe criticar e propoñer alternativas sensatas e razoables. Anunciounos como novidades o carácter prepagable das subvencións aos concellos, tamén nos anunciaba que nos próximos plans que aprobe a deputación ía propoñer que o 70 ou o 75% do importe da cantidade sexa pagada pola deputación no momento en que o concello certifique que se adxudicou a obra e o outro 30 ou 25 restante se pague coa certificación final de obra para que os concellos non teñan problemas de liquidez.

Pois ben, Sr. Presidente, en primeiro lugar saiba vostede que desde o grupo do Partido Popular sempre estivemos dispostos a colaborar e así o seguiremos facendo, de feito quero lembrarlle que na miña primeira intervención nesta cámara, alá polo mes de xullo do ano 2007, dicíalle que fariamos unha oposición leal e construtiva, sempre con propostas en positivo que revertan no mellor funcionamento dos concellos, en definitiva no benestar de todos os cidadáns da nosa provincia, e creo que ata o de agora estamos sendo consecuentes con aquelas afirmacións porque este grupo da oposición, e creo que coincidirán comigo tamén os membros do Partido Socialista, como os do BNG, o que realmente nos preocupa a todos é a mellora na calidade de vida de todos os habitantes da provincia, sexan do concello que sexan, independentemente das ideoloxías políticas dos seus gobernantes. Estamos totalmente de acordo, Sr. Presidente, como non podía ser doutra forma, con todas esas propostas, non obstante permita que lle diga que sentimos certa preocupación e inquedanza no tocante a que esas propostas sexan unha verdadeira realidade.

No referente ao carácter prepagable das subvencións aos concellos alegrámonos moito de que se recollese esta proposta, xa que foi unha das reivindicacións que lle fixemos desde o grupo do Partido Popular, estoume referindo tamén ás subvencións do Servizo de Fomento, Cultura, Deportes, Promoción Económica. Desde este grupo da oposición propuxémoslle que se utilice un baremo con criterios establecidos de antemán e coñecidos por todos, similar ao aplicado noutros plans que ten esta deputación, como é o caso do Plan POS, de tal forma que tales criterios conformarían unha maneira obxectiva para determinar a contía que corresponde a cada concello. Desa forma, cada entidade sabería de antemán a cantidade que lle correspondería e podería facer unha programación máis axeitada das actividades a desenvolver. Pola contra, o método que se está aplicando é un método que sempre ten aos concellos nunha incerteza, porque nunca se sabe con certeza a contía económica que lle corresponde.

Tamén nos anunciaba vostede que nos próximos plans que aprobe a deputación ía propoñer que o 70 ou o 75% do importe da cantidade sexa pagada pola deputación no momento en que o concello certifique que se adxudicou a obra, e o outro 30 ou 25% se pague coa certificación final de obra para que os concellos non teñan problemas de

liquidez, pois parécenos moi ben, Sr. Presidente, que se faga este anticipo, pero o que lle pedimos é que eses anticipos sexan áxiles e efectivos.

Estamos de acordo co que vostede dicía de que temos músculo financeiro e gran solvencia. Este é o momento, baixo o noso punto de vista, de facer uso deste músculo financeiro, xa que nós consideramos que a deputación, se ten algunha razón de existir é para axudar aos concellos, e que sexa o verdadeiro pulo económico para os concellos da nosa provincia. Desde o Partido Popular temos o pleno convencemento de que as deputacións si son realmente necesarias, polo tanto, nós pensamos que nestes tempos tan complicados que se aveciñan, si é necesario que desde aquí nos impliquemos máis que nunca na axuda aos concellos da provincia, pero con especial atención á incidencia nos máis pequenos.

Vostede sabe, ao igual que todos os membros desta Corporación, que a situación económica da maioría dos concellos da nosa provincia é moi complicada porque os tempos actuais non son fáciles e non hai previsión de que se aveciñen boas noticias para as economías locais, polo tanto, desde aquí rogámoslle que a deputación poña todos os medios que sexan necesarios para axudar o máximo que poidamos e da mellor forma posible aos concellos da nosa provincia.

Pensamos, e xa falamos, que a deputación debería de aprobar un Plan de natureza similar ao POS que non teña carácter finalista, e que sirva para financiar o gasto corrente dos concellos. Tamén nos preocupan os niveis de execución do orzamento da deputación, como así puxemos de manifesto cando se aprobou o segundo Expediente de modificación de créditos e tamén no Pleno no que se aprobaron os presupostos.

Igualmente, preocúpanos que a estas alturas do ano a convocatoria de subvencións do Servizo de Fomento, Cultura, Deportes, Promoción Económica do ano 2008 estea sen comunicar a súa concesión, listaxe que o Grupo Popular pediu e que nos foi denegado.

Pois ben, Sr. Presidente, nós queremos que todas estas promesas feitas aquí se convertan nunha realidade palpable para os concellos da nosa provincia, sirvan de alivio económico ás arcas municipais e ao tecido empresarial da provincia. Repítolle, fagamos posible entre todos que estes anticipos de pagamentos sexan áxiles e para finalizar reitérolle o noso apoio á cooperación para que os concellos da provincia se sintan orgullosos da eficacia desta institución, concello dos concellos, e aproveitar este día tamén para desexarlle a todos os integrantes desta institución, unhas felices festas de Nadal.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gacio, isto non é nin un rogo, nin unha pregunta, nin unha moción, pero en calquera caso o goberno anunciou en boca do presidente no anterior Pleno unha serie de medidas que se ían tomar a favor dos concellos, precisamente pola situación económica que van vivir. Creo que non hai ningunha deputación en España que fixese o que fixo esta deputación, que é comunicarlles a todos os concellos que se van facer anticipos a conta, e fixéronse, extraordinarios para que non teñan problemas, e dicirlles que solicitaramos formalmente, como así foi, que deste Plan de infraestruturas ou de investimentos locais do goberno de España, que pediramos que na cantidade que se lle dá se pagase tamén a redacción de proxectos e a dirección de obra, e que no caso que non se fixese pagaríao a deputación, é a única de Galicia, non sei se hai algunha en España, que lle ofrece aos concellos pagar o 7% do custo da execución material dos proxectos, a única, e facémolo porque sabemos que se non facemos isto haberá concellos que teñan dificultades para poder encargar os proxectos porque, sinxelamente, non teñen diñeiro. Vostede sabe que hai concellos que piden créditos aos bancos para pagar as nóminas, e facémolo porque como dicía eu, e repite vostede agora, temos músculo financeiro, e músculo financeiro non é para presumir, é para poñelo enriba da mesa cando hai que poñelo, e esta é unha situación onde hai que poñelo.

E o que di vostede de facer o carácter non finalista, anunciámolo no anterior Pleno. O problema que teñen agora os concellos é o gasto corrente, e están afogados moitos deles, e haberá que darlles unha axuda excepcional para facer fronte aos gastos correntes de servizos públicos esenciais, e farémolo co remanente, e faremos máis cousas, estamos anticipando a recadación e se podemos imos facer máis anticipos ao longo do ano que vén, e imos colaborar cos concellos, para que?, para que presten servizos eficaces e eficientes aos seus cidadáns, e creo que nos momentos de dificultade é cando a deputación ten que demostrar que está de verdade ao servizo dos concellos. Creo que se coincidimos ata agora, seguiremos coincidindo tamén o próximo ano e o seguinte.

E nada máis, dicirlle tamén que este é o último Pleno do ano, que supoño que nos imos ver dentro dun intre, pero formalmente que quede na acta a felicitación de todos para todos dunhas boas festas, e se pode ser un ano un pouquiño mellor o 2009 que o ano 2008. Nada máis, moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, a Secretaria accidental, dou fe.